



JOSÉ GIL,
PIONEIRO DO
CINEMA GALEGO



CINEMÓBIL2 (1929)

QUEN FOI JOSÉ GIL


JOSÉ GIL (Rubiós, As Neves 1870- Vigo 1937) foi un fotógrafo e **director de cine** que **participou na orixe do cinema** e realizou máis de 150 filmes entre 1910 e 1935, nomeadamente no sur de Galicia.

A historia de José Gil é o relato da superación dun home que naceu pobre e humilde na pequena aldea de Rubiós, de As Neves, mais foi quen de construírse a si mesmo ata participar na orixe do cine cos seus 150 filmes.


José Gil é un **pioneiro, produtor, director e camarógrafo ao longo de 25 anos**: os comezos do pictorialismo, o reporteirismo fotográfico, o documental, as primeiras marcas produtoras e laboratorios cinematográficos, o cinema industrial, a conexión cinematográfica con Portugal, o cine educativo, o cinema móbil, os noticiarios, a publicidade, o cinema da emigración, o valor do arquivo fílmico e tantas outras achegas incuestionábeis do cineasta de Rubiós a prol da modernización do que consideraba o seu país, ao que amaba profundamente.

Un home bo e xeneroso que **tentou construír Galicia** dende posicións de progreso e modernidade nunha sociedade que tardou demasiado tempo en comprender a transcendencia dun cinema propio e a necesidade de conservalo como patrimonio imprescindible do imaxinario dunha cultura.

O evento que aquí se presenta só pretende ser un tributo á súa figura a partires do esforzo de investigación realizado ao longo dos anos por Manolo González, como se recolle no libro da editorial Galaxia "*Nos días encantados de agosto*", publicado no outono de 2022.



CÂMARA DE FOTOS E CINE DE JOSÉ GIL - 1908



OBXECTIVO/RESUMO

JOSÉ GIL. PONTEVEDRA PROVINCIA DE CINE, NA ORIXE DO CINEMA

Dar a coñecer que a provincia de Pontevedra, cos 150 filmes do director José Gil (1870-1937), participa na ORIXE DO CINEMA.

Dar resposta ás preguntas:

QUE APORTA JOSÉ GIL Á ORIXE DO CINEMA?

QUE APORTA JOSÉ GIL AO CINEMA GALEGO?

QUE APORTA JOSÉ GIL Á PUBLICIDADE?

1 Concello de A Guarda

2 Concello de Arbo

3 Concello de As Neves

4 Concello de Baiona

5 Concello de Bueu

6 Concello de Caldas de Reis

7 Concello de Cambados

8 Concello de Cangas

9 Concello de Covelo

10 Concello de Cuntis

11 Concello de Gondomar

12 Concello de Lalín

13 Concello de Marín

14 Concello de Moaña

15 Concello de Mondariz

16 Concello de Mondariz Balneario

17 Concello de Nigrán

18 Concello de O Grove-A Toxa

19 Concello de Poio

20 Concello de Ponteareas

21 Concello de Pontecesures

22 Concello de Pontevedra

23 Concello de Porriño

24 Concello de Redondela

25 Concello de Salvaterra

26 Concello de Sanxenxo

27 Concello de Soutomaior

28 Concello de Tui

29 Concello de Vigo

30 Concello de Vilagarcía

LUGARES: 30 concellos da provincia de Pontevedra relacionados coa vida e a obra de José Gil.

TEMPORALIZACIÓN: 30 fins de semana entre febreiro e decembro de 2023

A GUARDA

Venres 17 e sábado 18 de MARZO de 2023

CONSTRUCCIÓN DO CINEMÓBIL3



Trátase dun camión que imita o Cinemóbil2, patentado por José Gil, no que levaba os seus filmes para proxectalos en 1929 por toda Galicia. Este **Cinemóbil3** serve de sala de exposición con 16 paneis con texto e fotos explicando a vida e a obra de José Gil. Manolo González, investigador de José Gil, será o guía que explicará aos alumnos e veciños de cada concello quen foi José Gil. O interior do CINEMÓBIL3 é un cine dos anos 20.

JOSÉ GIL NA GUARDA

As localizacións extraordinarias de Santa Tecla e a desembocadura do Miño foron visitadas en varias ocasións pola cámara de Gil.

Cóstanos documentalmente *"La Villa de la Guardia y el Monte Santa Tecla"* (1920), e a filmación do innovador proxecto de repoboación forestal do Monte Santa Tecla do enxeñeiro tudense -e amigo persoal- Rafael Areses Vidal, a quen filmou co gallo da Feira do automóbil de Pontecesures (1926) e que aparecerá posteriormente en *"Panoramas de Santa Tecla"* (1932) con imaxes pintorescas do ambiente mariñeiro na Guarda e citania de Santa Tecla. Imaxinamos que parte desas imaxes tamén se integraban en Pontevedra (1934).

A Guarda é un dos escasos lugares onde chegou a funcionar o flamante Cinemóbil1 ata a destrución do prototipo por mor dun incendio a noite do 11 de decembro de 1926. Tamén era a patria do produtor executivo da "Celta films", Higinio Troncoso, que mantivo unha relación persoal con José Gil.



Higinio Troncoso en 1921

DETALLE DO PLAN: VENRES 17 de marzo

CENTRO CULTURAL DA GUARDA

MAÑÁ: entre as 10:00 a 13:30 horas
CINEMÓBIL3

Chega o CINEMÓBIL3 ao AUDITORIO, con megafonía e a exposición en 16 paneis con fotos e textos sobre a vida, obra e relevancia de José Gil. O Cinemóbil3 por dentro é unha sala de cine dos anos 20.

Proxeccións no Centro Cultural para Centros de Ensino

Presentación de Manolo González

Duración das proxeccións para os centros de ensino: 46 minutos

30' *Never Weaken (A Vértixe)* -1921. Director: Fred Newmeyer.
Harold Lloyd.

6' *Kid Auto Race at Venice* -1914. Charles Chaplin
Primeira aparición de Chaplin

10' *As imaxes José Gil*. Tardes no Royalty.
Antoloxía de 10 minutos con secuencias dos filmes de José Gil.

* CONTACTO COS CENTROS DE ENSINO NA PROCURA DE PROFESORES
INTERESADOS EN TRABALLAR TODO O ANO COS ALUMNOS O INICIO DO
CINEMA. ASESORADOS POR Manolo González e Ignacio Vilar



DETALLE DO PLAN: SÁBADO 18 DE MARZO

MAÑÁ: 10:00 a 12:00 horas. PLAN A na PRAZA DO RELÓ (PLAN B FACHADA E INTERIOR DO CONCELLO)

Presentación do Cinemóbil3 para os veciños e veciñas

Chega o CINEMÓBIL3 coa megafonía e a exposición en 16 paneis con fotos e explicacións da vida, obra e relevancia de José Gil. O CINEMÓBIL3 por dentro será unha sala de cine dos anos 1920, con pantalla e proxector. Ollaremos unha montaxe de 2 minutos de imaxes dos filmes de José Gil, a súa cámara Gaumont reprod de 1908 e seis paneis con fotos da vida e a obra de José Gil. Presentación guiada por Manolo González, autor do libro de investigación sobre José Gil, *Nos días encantados de agosto*, da Editorial Galaxia.

MAÑÁ: 12:00 a 13:00 horas

Presentación do libro *NOS DÍAS ENCANTADOS DE AGOSTO*


(Editorial Galaxia), polo autor Manolo González.

Sinatura do autor e venda do libro.

MAÑÁ: 13:00 a 14:00h. SESIÓN VERMUT

A BANDA DE MÚSICA interpreta música relacionada coa vida de José Gil.

1. Obertura Caballería Ligera 9'	9
2. Alborada de Veiga 5'	5
3. Rubiós mi aldea (pasodobre) de Manuel Novo 5'30''	5,30
4. Interlúdio de piano so. Nocturno N2 de Chopin 4'30''	4,30
5. Negra sombra 4'	4
6. Mozos do penedo (muiñeira) de Manuel Novoa 4'	4
7. Himno galego 4'	4
Total 36 minutos	



DETALLE DO PLAN: SÁBADO 18 DE MARZO

TARDE: PROXECIÓNS DE CINE – Salón de Actos do Centro Cultural

Presentación e coloquio con Manolo González.

17:00 a 18:00 h. TARDE NO CINE ROYALTY. Filmes que proxectaba José Gil no cine Royalty de Ponteareas.

- **A Vértixe (Never Weaken)** 30'. 1921. Director: Fred Newmeyer. Actor: Harold Lloyd.
- **Kid Auto Race at Venice** 6'. 1914. Charles Chaplin. Primeira aparición de Charlot.
- **As imaxes Xosé Gil**. 10'. Tarde no Royalty. Antoloxía de 10 minutos con secuencias dos seus filmes.




18:00 a 18:30 h DESCANSO

18:30 a 19:30 h. Documental (55):

- **José Gil: fotógrafo e pioneiro do cine**, de Miguel Romero

19:30 a 20:30 **O ronsel de Xosé Gil: Curtametraxes** (45').

- **O carro e o home**. 12'. 1942. Antón Román
- **Mamasunción**. 20'. 1984. Chano Piñeiro
- **Ser e voltar**. 13'. 2014. Xacio Baño



DURANTE TODO O PERIPLO, ELABORARASE UN DOCUMENTAL QUE SIGA OS PASOS DA DIVULGACIÓN ENTRE OS VECIÑOS E VECIÑAS DA VIDA E A OBRA DE JOSÉ GIL

O CINE DE JOSÉ GIL

Miss Ledyá (filme de ficción no que actúa Castelao). Cine Royalty de José Gil en Ponteareas.
Travelling na muralla de Lugo: José Gil vai filmando coa súa cámara no coche.





Eva Rivas
cinema@vialacteafilmes.gal
Móbil: 698 142 367
www.vialacteafilmes.gal
www.cinenarua.com